



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

3ª BANDEIRA CONCELLO DE CEDEIRA DE TRAIÑEIRAS - BASES

O Concello de Cedeira organiza en colaboración co Club de Remo de Cedeira unha regata de traíñeiras da Liga B, o domingo 5 de agosto de 2018. A medición de tempos e regulamento da regata correspóndelle ao Club de Remo de Cedeira, como colaborador e farase conforme á Normativa de Competición da Liga Galega de Traíñeiras mentres que o Concello como organizador asume o reparto de premios, conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Para participar e optar aos premios é imprescindible formar parte da Liga B de traíñeiras. Os/as participantes asumirán todas as responsabilidades do beneficiario/a do premio, incluídas as obrigas fiscais.

SEGUNDA. Os clubs da Liga B de traíñeiras son 9: Club de Remo Salgado-Perillo, CM Mugardos, Club de Remo de Muros, Club de Remo Virxe da Guía, Club de Remo Cedeira, Club de Remo Vila de Cangas, AD Esteirana, Club de Remo A Cabana-Ferrol e Club de Remo Cabo da Cruz B.

TERCEIRA. Establécense os seguintes premios:


Posto Acadado	Importe a percibir
1º	700,00 €
2º	625,00 €
3º	600,00 €
4º	575,00 €
5º	550,00 €
6º	525,00 €
7º	500,00 €
8º	475,00 €
9º	450,00 €

CUARTA. Realizaranse tres regatas e participarán 3 clubs en cada unha delas, os xuíces medirán os tempos feitos por cada unha das traíñeiras participantes e clasificaránas por postos do 1º ao 9º. Conforme á clasificación obtida percibirán o importe do premio indicado na cláusula anterior.

QUINTA. A entrega de premios terá lugar, unha vez remate a regata. A información sobre a concesión de premios será publicada na páxina web do concello.

SEXTA. Os/as premiados/as deberán solicitar o pago do mesmo, que se fará por transferencia bancaria, aportando certificado de conta bancaria a nome da persoa xurídica ou persoa física que actúa como representante do club na Liga B de traíñeiras, a partir do luns 20 de agosto, no rexistro do Concello de Cedeira ou por sede electrónica.

SÉTIMA. Os presentes premios levarán consigo a retención en concepto de IRPF, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

OITAVA. A decisión dos xuíces será inapelable Os xuíces da regata terán a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases. Entregarán copia da acta cos tempos das regatas ao Concello.

NOVENA. A participación na regata de traíneiras supón a total e plena aceptación destas bases.